


# A danza na pintura


Resolve os retos da raposa

**Redella**



Dende a **Prehistoria** o ser humano tivo a necesidade de comunicarse corporalmente, con movementos que expresan **sentimentos e estados de ánimo**. Nun primeiro momento a danza tiña un compoñente ritual ou relixioso.

É difícil precisar a orixe no espazo e no tempo da danza porque é algo efémero que non deixa pegada pero grazas a **testemuños artísticos** imos adentrarnos hoxe na **Historia da danza**.



Danza fálica. 6500-5000 a.C.  
Abrigo de Cogull (Lleida)

Fíxate nesta pintura onde un grupo de mulleres están danzando ao redor dunha pequena figura masculina. Chámase “Danza fálica”; parece tratarse dunha danza ritual da **fertilidade**. As mulleres teñen grandes peitos colgando e o home, máis pequeno ao fondo, pintado de cor negra, ten un **gran fallo** (pene). Podes velo?



### Sabías que...

No neolítico pintáronse complexas escenas de caza, **danzas** e ritos en **abrigos** (espazos protexidos na rocha) que eran coma santuarios ou lugares máxicos.

## 1 Primeiro enigma

O animal que está diante na escena ten o ventre oco. **Cal cres que pode ser o significado?**

- 1. É unha femia e está **preñada**
- 2. Foi **ferido/a** por unha lanza
- 3. Naceu cunha **malformación**
- 4. **Comeu un animal** que aparece reflectido dentro do estómago

## A danza na pintura

No Antigo Exipto a música e a danza servían para conectar cos deuses pero tamén formaban parte das celebracións: banquetes, vodas e **funerais**.



Fíxate neste detalle dun fresco pintado na **tumba de Nebamun**, un escriba do Novo Reino. Hai dúas mulleres que están a danzar ao ritmo das frautas.



Banquete con músicos e bailarinas (Tumba de Nebamun). Ca.1350 a.C. Museo Británico



### Sabías que...

As mulleres que se dedicaban ao baile eran profesionais e traballaban para o faraón, representando a morte e a reencarnación do deus **Osiris**, quen segundo a mitoloxía foi o inventor da **agricultura** e a **relixión**.

## 2 Segundo enigma

No fondo do fresco aparecen xeroglíficos. **Escribe a palabra “DANZA” en exipcio antigo empregando os signos do seu alfabeto:**

A	B	B	C	D	E
F	G	H	H	I	J
K	L	M	N	N	O
P	Q	R	S	T	T
U	V	W	X	Y	Z



SOLUCIÓN

## A danza na pintura

Durante a Idade Media, a igrexa tentou controlar a danza, prohibíndoa nalgúns casos e noutros transformando as danzas en celebración das estacións en festas cristiás.



O baile nupcial. Pieter Bruegel o Vello. 1566.  
The Detroit Institute of arts

Fíxate neste animado cadro de **Bruegel**, representa a celebración dunha **voda campesiña** ao aire libre. Os convidados, que son multitude, comen, beben e bailan sen mesura. Nesa época o baile era un pecado terrible, pero non parece importarles moito!

Trátase dun cadro satírico no que Bruegel critica os excesos das festas dos aldeáns.



### Sabías que...

Na Idade Media naceu unha danza secreta chamada "danza da morte" que consistía en dar saltos e berros porque se pensaba que así se expulsaba a **peste negra** do corpo. Sorprendente, non si?

## 3 Terceiro enigma

Sabes identificar cal das mulleres que saen no cadro é a noiva?

 **PISTA:** leva o pelo solto e non viste de branco



SOLUCIÓN

## A danza na pintura

Clase de Ballet. Edgar Degas. 1873-75. Museo de Orsay



Fíxate nesta obra titulada  
“A clase de danza”

No centro do salón atópase **Jules Perrot**, un famoso profesor de danza, que leva un bastón e parece estar falando coa bailarina que está diante do marco da porta. Pero Perrot, non consegue captar atención de todas, as do fondo teñen unha actitude relaxada e non lle prestan moito interese!

As bailarinas están acompañadas das **súas nais** que están ao fondo da sala. Podes velas?

Un **cadelo pequeno** tamén protagoniza a escena.

Pola contra as bailarinas de **Edgar Degás** son refinadas e danzan ballet clásico. Degas quería reflectir o seu presente e expresar o **mundo urbano e cosmopolita** (universal) no que el vivía. As diferentes posturas dos corpos das bailarinas servíanlle para practicar distintas maneiras de representar o corpo humano.



### Sabías que...

O ballet clásico naceu en Italia no Renacemento, hai arredor de 500 anos! Hoxe séguese practicando en todo o mundo

## 4 Cuarto enigma

**Cantas bailarinas ves no cadro? Que dirías que están a facer cada unha delas?**

SOLUCIÓN:  
17 bailarinas

## A danza na pintura

Esta, seguramente, sexa a danza máis famosa da historia da pintura. O seu autor é Henri Matisse.

Trátase dun grupo de cinco persoas de ambos sexos que bailan en círculo collidos da man.

O artista logra facernos pensar que as figuras están bailando de verdade. **Parece que van saír do lenzo!**

Matisse utiliza **cores moi intensas** que chaman a atención e simplifica as figuras para dar sensación de movemento. Pódese ver tamén a fascinación pola **arte primitiva**, que era capaz de transmitir moitas cousas con moi poucos elementos.

A danza. 1910. Henri Matisse. MoMA



A Danza. Henri Matisse. 1910. Hermitage Museum



Fíxate na semellanza con esta **pintura rupestre** prehistórica



Existen **dúas versións** do cadro “A danza” Esta que ves ao lado atópase no MoMa de Nova York e tamén foi elaborada por Matisse.

## 5 Quinto enigma

Busca tres diferenzas entre ambos cadros

- As tonalidades das cores son diferentes: no primeiro cadro é marrón e no segundo negro.
- O cor do cabelo das personaxes é diferente: no primeiro cadro é marrón e no segundo negro.
- No primeiro os músculos dos corpos están máis marcados
- As tonalidades das cores son diferentes: no primeiro cadro é marrón e no segundo negro.

SOLUCIÓNS

## Reto final

Para celebrar que esta semana é o Día da danza queremos propoñerche un reto: **Fai un pequeno vídeo bailando**. Pode ser cun teléfono móbil. Características do vídeo:

- Podes bailar calquera tipo de danza
- Asegúrate de ter limpo o lente da cámara ou do móbil
- Mándanos unha peza que non dure máis de 15 segundos
- Grávate coa música que che pete, pero en horizontal
- E a danzar!

Envíao ao seguinte enderezo electrónico:  
**onlineciudadadacultura@gmail.com**

# Conseguíchelo!!

